Reunidos na Casa do Concello, o día 21 de decembro de 2016, ás 10,30 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Mantemento básico, limpeza e conserxería do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara" formada por D. José Manuel Blanco Súarez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dna. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación) D. Román Romero Franco (concelleiro delegado para asuntos de deportes), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

A mesa antes de proceder a abrir en acto público os sobres "2", correspondentes a oferta técnica, procede ao exame da emenda á documentación presentada pola empresa SEDEGA S.L., mercantil que so presentara, no sobre "1" Documentación, so presentara unha declaración responsable cando no prego de cláusulas administrativas particulares, esixíase documentación acreditativa da capacidade e solvencia da empresa. Emendado o erro, a empresa continúa no proceso de licitación.

Ás 10,35 horas, aos efectos do disposto no artigo 27 do R.D.L. 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público e cláusula 11.2 do prego de condicións administrativas particulares que rexe este contrato, procedeuse, pola presidencia e en acto público, á apertura dos sobres "2" Documentación técnica para a valoracións dos criterios de adxudicación que dependen dun xuizo de valor, presentados polas empresas:

- Servicios Deportivos de Galicia SL
- Valoriza Facilities SAU
- FCC Aqualia

- Arasti Barca M.A. SL

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, unha vez redactado este, a Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do Regulamento da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e cincuenta minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.